

NOTA INFORMATIVA SOBRE A PAUTA DE VACINACIÓN FRONTE AO VIRUS DO PA-PILOMA HUMANO (VPH)

No mes de xullo de 2024, foi aprobado pola Comisión de Saúde Pública un documento sobre as recomendacións de vacinación fronte a VPH, no que as principais novidades son a pauta dunha única dose tras a revisión da evidencia dispoñible, e a captación das persoas ata os 18 anos non vacinadas. **Ligazón**

Por tanto as recomendacións de vacinación fronte ao VPH quedaría do seguinte xeito:

Vacinación sistemática

- Vacinación de nenos e nenas aos 12 anos, pauta de 1 dose.
- Captación de mulleres nadas a partir de 1994 e de **varóns nados a partir de 2006** que estean sen vacinar:
 - Menores de 26 anos: 1 dose.
 - Persoas de 26 e máis anos: 2 doses, separadas polo menos 6 meses.

Poboación con condicións de risco

- Pauta de 1 dose, se son menores de 26 anos ou 2 doses (0, 6 meses) se teñen 26 ou máis anos naquelas persoas que pertencen aos seguintes grupos de risco:
 - Homes ata os 45 anos, que teñen relacións sexuais con homes.
 - Persoas ata os 45 anos, en situación de prostitución.
- ***Sempre recibirán unha pauta de 3 doses (0, 2, 6 meses)*** os seguintes grupos de risco, independentemente da idade na que recibiron a primeira dose:
 - Persoas ata os 45 anos en situación de inmunosupresión, incluíndo:
 - Síndrome de WHIM: vacina que cubra tipos 6 e 11.
 - Infección por VIH
 - Transplante de órgano sólido e de proxenitores hematopoéticos.
 - Mulleres de calquera idade, que recibisen calquera tratamento escisional de colo uterino. A vacinación realizarase preferentemente antes do tratamento da lesión ou, se non é posible, o antes posible tras a finalización do tratamento.